

Este sitio usa cookies de Google para proporcionar servizos, personalizar anuncios e analizar o tráfico. A información sobre o uso que fas deste sitio compartirase con Google. Ao utilizar este sitio, aceptas o uso de cookies.

MÁIS INFORMACIÓN DE ACORDO

PLATAFORMA GALEGA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO



Portada	Manifiesto constituínte	Adhesións Individuais	De organizacións	Manifiesto contra a LOMCE	Integrantes	
---------	-------------------------	-----------------------	------------------	---------------------------	-------------	--

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público valora moi positivamente o masivo seguimento da folga

O ensino público en Galiza foi hoxe á folga contra a LOMCE e os recortes en educación, cun seguimento que a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público valorou moi positivamente e que cuantificou, á saída da manifestación de Compostela, en preto do 90%. "As aulas quedaron baleiras" asegurou o seu portavoz, Anxo Louzao, quen considerou que "esta ten que ser a acta definitiva de defunción da LOMCE, das reválidas e dos recortes que desde 2010 leva sufrido o ensino público en Galiza".

GALERÍA DE IMAXES

O portavoz da PGDEP e secretario nacional da CIG-Ensino sinalou que tras desta nova xornada de folga e coas mobilizacións desenvolvidas en todo o país "agardamos que o goberno do Estado e a Xunta de Galiza tomen nota e que a Consellaría de Educación deixe de actuar de comparsa e abandone a actitude de total submisión ao goberno central".

Xunto a isto, exixiu que se elabore unha lei galega do ensino que responda ás necesidades do sistema educativo galego e que teña en conta cuestións esenciais como redución das ratios e incremento do profesorado.

Xunto a isto demandou que se destine a educación o 7% do PIB, unha defensa inequívoca do ensino público inclusivo e equitativo que se sustente na supresión dos concertos nos centros que segregan por razón de xénero, no camiño de rematar coa privatización e cos concertos educativos; eliminación do 3+2 e unha política de bolsas totalmente diferente que posibilite que todo o alumnado poida cursar os estudos universitarios sen estar condicionado pola súa situación económica.

Pacto pola educación

Respecto do "pacto pola educación", Louzao asegurou que "non estamos dispostos a avalar o engano que supón, porque só pretende maquillar a LOMCE para que sexa máis presentábel socialmente pero mantén no fundamental os alicerces que sustentan a propia lei".

En concreto referiuse ao "modelo españolizador, neoliberal, confesional, privatizador e segregador", aspectos que aparecen recollidos no manifesto da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, que se leu ao remate das manifestacións que se sucederon por toda a xeografía galega

- [Modelo de resolución contra a LOMCE](#)
- [Resolucións Claustros](#)
- [Resolucións Consellos Escolares](#)

Arquivo

- ▼ 2017 (5)
 - ▼ 03 (1)
 - A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público v...
 - 02 (4)
- 2016 (27)
- 2015 (7)
- 2014 (8)
- 2013 (28)
- 2012 (10)

Este sitio usa cookies de Google para proporcionar servicios, personalizar anuncios e analizar o tráfico. A información sobre o uso que fas deste sitio compartirase con Google. Ao utilizar este sitio, aceptas o uso de cookies.

MÁS INFORMACIÓN **DE ACORDO**

Tema Simple. Com tecnologia do [Blogger](#).